

MARA NO INFERNO

Ola, son Mara.

Teño dezanove anos e agora mesmo sinto que a miña vida non vale absolutamente nada.

Alguén que se preocupa por min regaloume este caderno para que me fixera compañía na miña voluntaria soidade, pero non me gusta escribir, paréceme unha perda de tempo. Aínda así, vou emborrallar un pouco as primeiras páxinas para que ela vexa que agradezo sinceramente a súa intención.

- Vaite axudar Mara, díxome convencida, xa o verás.

Oxalá!, non sei como esta morea de follas recicladas vai devolverse a miña vida perfecta. Levo vinte minutos perdida entre as liñas borrosas do papel, co bolígrafo na man, a agardar un ramallazo de ocorrencia que me indique o que debo escribir e acabo por sentirme profundamente idiota.

Eu o único que desexo e agocharme debaixo das sabas, refuxiarme na tenra quentura dos cobertores e pechar os ollos con forza, imaxinar que esta última semana non existiu xamais. Regresar ó venres pasado, antes de que as tebras da traizón nubran por completo o lumeiro da miña ignorancia, cando Roi aínda era meu.

Estou esgotada, aborrecida, fundida no pesado lodeiro do abandono, e non podo evitar que a idea da morte rolde pola miña ategada cabeza coma o responso preguiceiro dun cura resentido.

A miña imaxinación é infinita. Ora podo vislumbrar o sorriso de Roi ó meu carón, ora discorro vinte mil maneiras nas que el se decata da miña trágica morte. Seguro que llo contará Xulia, a miña mellor amiga.

“Mara suicidou-se pola túa culpa” – dirálle, e disfruto co crebo de remorso que racha a súa face fermosa, podo velo sufrir na miña imaxinación incluso a través dos anos, sempre con esa dor culpable na súa conciencia, unha dor que non o abandonaría xamais.

Bonita forma de que non poida esquecerse de min.

Roi. A única persoa que me fixo sentir completa e feliz. Pecho os ollos para poder observar con detemento os seus riscos na miña mente, a intensidade dos seus ollos griseiros, o engranaxe perfecto da súa dentadura, inmensamente branca. Estiro os dedos e case me parece poder tocalo a través das bágoas. Lembro a súa voce profunda, as doces palabras coas que me decía que me amaba máis que a nada no mundo, MENTIRAS.

Roi. O primeiro amor. Intelixente, agarimoso, doce, o home perfecto.

Non podo imaxinar a vida sen el. Sempre atento, pendente das miñas cousas, quizais en exceso por veces: “ non fales con ese” ou “ non saias sen min”. .. miudezas que non me chegaban a molestar, cría que dese xeito me estaba a demostrar o moito que me quería. Outra vez MENTIRA.

Roi. Do brazo dunha moza loira a quen non coñezo, a quen lle dedica eses sorrisos que hai tempo que non me ofrece a min. Unha parella agarimosa que se adentra no parque, e unha sombra esmorecida que arrastra o seu pesar tras os pasos furtivos de dous amantes apaixonados.

Roi e máis a loira, a carón da moreira onde me roubou o primeiro bico, ela ofrécellos a mans cheas, sen vergoña, sen pudor. Os meus demoños retórcense de impotencia, de dor e celos..., non me importa...prefiro pechar os ollos a perdelo, prefiro crer que todo foi un mal soño, que a miña mente aloucada estame a enganar e confunde a ese estraño co meu namorado.

Calei, pero o meu humillante silencio non foi abondo para el. Roi escolleu, e non fun eu.O meu mundo rachou cun sinxelo bip nocturno, catro palabras ben escollidas nunha mensaxe de WhatsApp. “Xa non te quero”.

Os meus ollos anúbranse de rabia , rabia por crer nas súas mentiras, por permitir que anulara por completo o meu xuízo, por erixir un mundo enteiro sobre a nada.

Insolente.

Quizais Roi non era tan perfecto como cría, quizais non mereza este pranto, que racha co silencio do meu cuarto, e escurece por completo a luz do día.

Indecente.

.....

Xabouco.

Aborrézote.

Necio.

Ominoso.

Nifroso.

Traizoeiro.

Estúpido.

Quincalleiro.

Usurpador.

Estafador.

Requichado.

Ódiote!

Xaboucoaborrézotenecioominosonnifrosottraizoeiroestúpidoguincalleirousurpadoreestafadorre
quichadoódiotetanto.....

....

De súpeto síntome baleira, satisfeita, insospeitadamente ceibe. A tinta do meu boli e por fin máis negra que os meus sentimentos, e cubre coa súa humilde poesía as dores máis profundas. A derradeira folla do caderno ven rematar unha longa ringleira de calificativos que acaban por definir á perfección a aquel home que eu cría perfecto.

Non sabía que cabían tantas palabras na miña mente, pensei que alí só existía Roi. Creo que acabo de dar o primeiro paso para esquecerme del, da súa indiferencia, da súa traizón, desta lousa opresiva que me roubaba o aire.

Grazas polo caderno.

Mil grazas, mamá, polo teu infinito entendemento.

Natalia Carou